



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de novembro de 2025**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(889).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de novembro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(890).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL. EXPTE. 2285/441.

Visto o informe de fiscalización de data 21/11/2025, sométese a aprobación a PROPOSTA da Mesa de Contratación de data 20/11/2025, que di o seguinte:

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 1 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación do entorno da rúa Brasil" (2285-441) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación do entorno da rúa Brasil" (2285-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 12.05.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO CINCO MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (105.669,60 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 210 00 00 (Conservación de viais e espacios), segundo a distribución de anualidades proposta.

2025	105.669,60 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 2 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 16 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Excluír deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, por entender que a súa oferta no pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, sen que se tivesen xustificadas, ao non presentar xustificación ningunha en prazo”.

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 23 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación do entorno da rúa Brasil” (2285-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)	93,60
2	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL	93,33
3	NAROM, SL	91,63

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), o día 24 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 28 de outubro, dentro do prazo concedido.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 3 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa de Contratación, na sesión de data 13 de novembro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendar a documentación relativa á sinatura do Anexo IV do PCAP. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte,

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran o obxecto social, o poder de representación e os certificados positivos de débedas coa AEAT, a ATRIGA e a TGSS.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (73.357,41 euros), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G Viais e pistas, subgrupo 4, categoría 1) presentan a clasificación G-4-6.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (73.968,72 euros), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G Viais e pistas, subgrupo 4, categoría 1) presentan a clasificación G-4-6.
- Declaración de vixencia dos datos do rexistro de contratistas.
- Seguro de caución por un importe (cada un) de 4.061,29 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 20 de novembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 4 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 de setembro e 17 de outubro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 16 de outubro de 2025, de CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, por entender que a súa oferta no pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, sen que se tivese xustificado, ao non presentar xustificación ningunha en prazo”

Segundo.- Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación do entorno da rúa Brasil" (2285-441) por un prezo total de 98.283,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.057,43 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 5 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3(891).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2026”. EXPTE. 24982/333.

Visto o informe xurídico do 30/09/2025 e o informe de fiscalización do 24/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuítio de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais continuar co apoio ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, segue a apostar polo xa consolidado circuítio de carreiras populares na súa edición do ano 2026.

No ano 2026, o proxecto cumpre a súa décimo sétima edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na cidade de Vigo, estará configurado por 12 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA
Subida ao Castro
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis
Medio Maratón Gran Bahía Vig Bay
Carreira Praia de Samil
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
Carreira Contra el Cáncer
Media Maratón de Vigo
Vigo+11



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 6 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Carreira solidaria Érguete e corre

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuito, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuito os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuíto RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuíto”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuito.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuito, que remata no mes de decembro, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 6.000,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “*No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes:f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€*”.

II- PROGRAMA MUNICIPAL RUNRUNVIGO:

1.- PROBAS:

PROBA
Subida ao Castro
Carreira do Calvario

S.ord. 28/11/2025



Carreira popular 10K de Teis
Medio Maratón Vig Bay
Carreira Praia de Samil
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
Carreira Contra el Cáncer
Media Maratón de Vigo
Vigo+11
Carreira solidaria Érguete e corre

*Se por calquera causa algunha das probas non se celebra ou non cumpre cos criterios establecidos para formar parte do circuíto, o Concello de Vigo terá a potestade de integrar no circuíto unha proba alternativa, ou reducir o nº de probas que o conforman.

2.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES E CLASIFICACIÓNS:

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1987-2006 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1977-1986 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1967-1976 (ambos incluídos)
F-4	M-4	Entre 1962-1966 (ambos incluídos)
F-5	M-5	1961 ou anteriores

- Os/As atletas quedarán inscritos **a efectos de clasificación no circuíto** por ano de nacemento.
- O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuíto, na categoría que lle corresponda por ano de nacemento.
- **Os/As atletas das categorías 2, 3, 4 e 5 poderán competir na categoría 1 unicamente se o solicitan por escrito á organización do circuíto (vide@vide.es) antes da celebración da segunda proba do circuíto, computando os puntos acadados na nova categoría a partires dese momento.**
- **Clasificación de equipos:** Habará unha clasificación final por equipos. Os equipos interesados en participar nesta clasificación, deberán remitir á Fundación Vide unha solicitude de participación nesta clasificación, co listado de atletas (Nome, apelidos e





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

dni) que queiran que puntúen nela. Teranse en conta os puntos acadados polos/as atletas tras a súa inscrición no equipo. O prazo para inscribir atletas nos equipos rematará o día de peche da inscrición na segunda carreira do circuito, momento no que quedará pechada a configuración de todos os equipos. En caso de empate na clasificación, teranse en conta, neste orde, os seguintes criterios:

- Maior número de atletas femininas inscritas no equipo.
 - Maior número de mellores postos.
 - Suma de puntos de atletas femininas.
 - Número total de compoñentes do equipo.
- **Clasificación ponderada:** Elaborarase unha clasificación compensada masculina e unha feminina.

3.- INSCRICIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO”:

- **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuito RunRunVigo salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuito.
- **Gratuita:** A inscrición no circuito é gratuita.
- **Independente:** A inscrición no circuito RunRunVigo é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuito, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.

4.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:

Os e as participantes no circuito irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuito segundo os postos en cada proba do circuito.

PUNTUACIÓNS POR PROBA		
	Dist. Longa	Dist. Curta*
1º clasificado/a	250 puntos	120 puntos
2º clasificado/a	200 Puntos	90 Puntos
3º clasificado/a	150 Puntos	75 Puntos
4º clasificado/a	125 Puntos	60 Puntos
5º clasificado/a	100 Puntos	50 Puntos
6º clasificado/a	90 Puntos	45 Puntos
7º clasificado/a	80 Puntos	40 Puntos
8º clasificado/a	75 Puntos	35 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos	30 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos	20 Puntos
11º-15º clasificado/a	35 Puntos	15 Puntos
16º-20º clasificado/a	30 Puntos	8 Puntos
21º-50º clasificado/a	20 Puntos	5 Puntos

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 9 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PUNTUACIÓNS POR PROBA		
51°-150° clasificado/a	15 Puntos	3 Puntos
151°-300 clasificado/a	8 Puntos	2 Puntos
301°-600 clasificado/a	5 Puntos	1 Punto
601°-900 clasificado/a	3 Puntos	1 Punto
901°-1200 clasificado/a	2 Puntos	1 Punto
>1200 clasificado/a	1 punto	1 punto

*As carreiras que desenvolvan dúas distancias competitivas cronometradas mediante o sistema de chip a través da plataforma oficial, terán unha dobre clasificación a efectos do circuíto, de forma que os/as atletas que participen nas distancias curtas puntuarán segundo o establecido na táboa.

5.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

6.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:

6.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuíto outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

*Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 7 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 5 probas. Nas categorías F-3, F-4, F-5 e M-5, as/os atletas deberán ter rematado polo menos 5 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida na categoría para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.

- Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 10 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

- 1º criterio: Nº de probas rematadas ó final do circuito.
- 2º criterio: Nº de probas gañadas.
- 3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuito.

6.2.- Premio mellor equipo do circuito RunRunVigo:

A organización outorgará o trofeo ó mellor equipo do circuito. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan os e as atletas de cada un dos equipos inscritos formalmente segundo as condicións establecidas no apartado 3 deste regulamento.

6.3.- Premio clasificación compensada: O circuito recoñecerá ós e ás mellores clasificados/as da clasificación compensada.

Ó remate do circuito, farase entrega nun acto de clausura do Circuito dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuito RunRunVigo en cada unha das categorías.

7.- RECLAMACIÓNS:

Os/As participantes no circuito terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: vide@vide.es

8.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO:

A información Xeral do circuito estará dispoñíbel en www.vigo.org , www.runrunvigo.com , www.vide.es e na web oficial da empresa cronometradora do circuito.

9.- CANCELACIÓN DO CIRCUÍTO:

Se por calquera circunstancia, non se celebraran un mínimo de 7 probas, o circuito quedará suspendido, quedando desertas as clasificacións finais e polo tanto os recoñecementos e premios.

III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METALICO.

Coa finalización das probas do Circuito RunRunVigo, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ó citado circuito.

Os premios en metálico previstos do circuito RUNRUNVIGO, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuito de carreiras RUNRUNVIGO, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuito de carreiras RUNRUNVI-

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 11 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

GO, será desenvolto ó remate do circuíto, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2026.

IV.- PROPOSTA:

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Programa Municipal Circuíto RunRunVigo 2026.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “RunRunVigo”. A aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2026.

Terceiro: Proceder á publicación do Programa Municipal Circuíto RunRunVigo 2026, na web municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(892).- ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO “SUBXEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO”. EXPTE. 47086/220.

Visto o informe de fiscalización de data 18/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/11/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- En data 14/08/2025 Xunta de Goberno Local prestou aprobación á convocatoria e bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Subxefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) mediante o sistema de libre designación.

Trala publicación das bases no BOPPO núm. 159, do 20 de agosto do 2025, e de extracto de anuncio do DOG núm. 195, do xoves 9 de outubro do 2025, foi publicada no BOE núm. 248, do mércores 15 de outubro do 2025, a convocatoria de provisión do posto, e procedéndose á apertura do prazo de presentación de instancias, que rematou o día 05/11/2025 segundo o certificado de exposición ao público que obra incorporado ao expediente.

2.- Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta nos trámites 44 a 46 do expediente, constan presentados os aspirantes seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 12 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

-PEREIRA LÓPEZ, M., con DNI *9*5**1** (documentos nºs 250279816 e 250279826)

-ESTÉVEZ PRADO, M., con DNI *6*4**8** (documento nº 250299178)

3.- Consta informe de verificación de aspirantes e de cumprimento dos requisitos, consonte o disposto no artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, emitido en data 17/11/2025, acreditando a idoneidade preceptiva.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-MARCO NORMATIVO REFERENCIAL DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- a) Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos)
- b) Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c) Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais: Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal

S.ord. 28/11/2025



ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

- d) Regulamentos e ordenanzas locais.
- e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal funcionario do Concello de Vigo e Convenio colectivo do persoal laboral integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28.12.1998)

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Do postos de traballo obxecto de provisión

O posto de traballo convocado (Subxefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Salvamento) atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 183, do 19.09.2024) e en situación de vacante, tendo asignado como sistema de provisión o de libre designación.

Segunda.- Da libre designación

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Concretamente o artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico determina "*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a quince días hábiles, o órgano convocante, por proposta/informe da persoa titular do centro directivo a que estea adscrito o posto convocado, poderá, de forma discrecional:*

a) *Adxudicar o posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes, sempre que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño,*

b) *ou declarar deserta a convocatoria, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.*

O órgano competente para a adxudicación dos postos poderá solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade das persoas candidatas".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 14 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Terceira.- Idoneidade dos candidatos

Consta no expediente informe de data 17/11/2025 emitido pola instrutora do expediente, no cal se indica o seguinte:

"Tendo sido tramitado o procedemento de referencia, pola presente faise constar o seguinte:

1.- Que durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 47.086-220 constan presentados os aspirantes seguintes:

*-PEREIRA LÓPEZ, M., con DNI *9*5**1** (documentos nºs 250279816 e 250279826)*

*-ESTÉVEZ PRADO, M., con DNI *6*4**8** (documento nº 250299178)*

2.- Que segundo a base terceira -"Requisitos de participación" das bases rectoras da convocatoria, as persoas aspirantes deben reunir os requisitos seguintes:

"a) Ser persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás a da suspensión de funcións, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

b) Estar en posesión da titulación requirida.- titulación do seguinte grupo de titulación determinado na RPT:

1.- Grao ou equivalente

2.- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a, F.P. 3 ou equivalente."

3.- Que comprobada a documentación aportada, verificase o seguinte:

a) Aspirante PEREIRA LÓPEZ, M., con DNI *9*5**1** (documentos nºs 250279816 e 250279826): non cumpre o requisito establecido na base Terceira, apartado a) ao non acreditar a pertenza á Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial.

O aspirante acredita a pertenza ao Grupo de Artilería de Campaña da BRIGADA "GALICIA" VII, Exército de Terra, coa categoría de Capitán, unha longa traxectoria castrense e unha notable especialización e preparación; así como experiencia no desempeño de servizos na Unidade Militar de Emerxencias (UME); todo elo acreditado en certificación expedida polo Ministerio de Defensa, invocando a titulación de Grao en Enxeñería Industrial na documentación aportada.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 15 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Aspirante ESTÉVEZ PRADO, M., con DNI *6*4**8** (documento nº 250299178): **sí cumpre o requisito establecido na base Terceira, apartado a) ao acreditar a pertenza á *Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial.***

O aspirante acredita a cunha adecuada especialización e preparación, así como a experiencia como oficial xefe do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Pontevedra dende o 08/08/2016, xunto coa pertenza ao subgrupo A1 de titulación segundo certificación de servizos previos expedida polo Concello de Pontevedra en data 20/10/2025.

Invoca a titulación de "Mestrado Integrado em Arquitectura e Urbanismo" aportando notificación da resolución da Ministra de Fomento de data 30 de marzo do 2012 (N/Ref. RESN 1286/CA) pola cal se lle recoñece ao interesado a equivalencia da titulación académica indicada para o exercicio en España da profesión de Arquitecto.

4.- O posto de traballo obxecto de convocatoria (Subxefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, subgrupo A1/A2) está integrado na estrutura administrativa da área administrativo-funcional de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios, encadrada na Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

A forma de provisión asignada ao mesmo pola relación de postos de traballo do Concello de Vigo (BOPPO núm. 183, do xoves 19 de setembro do 2024) establece que "son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022", determinando como criterio de excepcionalidade, entre outros, o seguinte (folio 29, punto 4):

"a) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas".

Polo exposto, e á vista de que existe un único aspirante que acredita o cumprimento da totalidade dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, infórmase que procede o nomeamento do mesmo, sen que caiba xuízo de idoneidade adicional ao do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e á efectiva concorrencia verificada.

O cal se informa aos efectos procedentes."

III.- COMPETENCIA

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 16 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Adxudicar a M. ESTÉVEZ PRADO, con DNI *6*4**8** o posto de traballo de Subxefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (posto de traballo código 2130102 da vixente relación de postos de traballo)

SEGUNDO.- Dispoñer que a formalización da toma de posesión realizárase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria, requirindo ao interesado para a aportación, no prazo posesorio, de copia auténtica da titulación académica oficial cuxa validación consta aportada no procedemento (arquitecto/a)

TERCEIRO.- Ordear a publicación da resolución da convocatoria Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(893).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO ARTICULADO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DESESTACIONALIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO-ANO 2025. EXPTE. 8944/104.

Visto o informe xurídico de data 17/11/2025 e o informe de fiscalización do 21/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/11/2025, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira-delegada a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 2 de outubro de 2025, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude e adxunta documentación co fin de levar a cabo o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau co fin de desenvolver accións de promoción turística para a desestacionalización do

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 17 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Turismo de Vigo durante o ano 2025. (Nº. Doc.250270894), por importe total de 200.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800040 “Actividades de promoción turística e desestacionalidade” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES

A Fundación Vigo Convention Bureau, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividade.
- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 15 de outubro de 2025, certifica a aprobación da memoria de accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura no “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fun-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 18 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

dación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á desestacionalización do Turismo de Vigo 2025”

Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

A **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á desestacionalización do Turismo de Vigo 2025.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB aconsella que colabore no desenvolvemento das accións de promoción a través de este ente no que participa o Concello de Vigo. O desenvolvemento de accións de promoción que completen a oferta turística e que capten novos mercados e cheguen a distintos tipos de turismo é esencial para alcanzar a desestacionalización turística e conseguir un turismo estable ao longo do ano.

DOCUMENTACIÓN

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

- Memoria xustificativa solicitude do crédito extraordinario
- Certificado acreditativo da aprobación da solicitude dun crédito extraordinario para a promoción turística e a desestacionalización.
- Certificado acreditativo da aprobación da memoria de actuacións
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Certificación da conta bancaria.
- Certificado de representación da FVCB

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, aportárase polo Concello de Vigo.

En data 12/11/25 á Fundación Vigo Convention Bureau presenta a través do Rexistro Xeral (doc 250316654) memoria xustificativa de solicitude de crédito extraordinario na que aclara as partidas orzamentarias para cada liña de actuación

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2025, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 19 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, á promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior e 26 de setembro de 2025 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 “ No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira da área de Política social, Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 20 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FVCB PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DESESTACIONALIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2025”

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800040 “Actividades de promoción turística e desestacionalidade” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DESESTACIONALIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2025

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a Ana Mejías Sacaluga, na súa calidade de Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude Mediante *Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025*, estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira da Área, entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

Doutra parte, D^a M^a Carmen Lago Barreiro, na condición de Vicepresidenta da Fundación Vigo Convention Bureau, en virtude do Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do alcalde Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *de data 25/09/2025*.

A Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **Fundación Vigo Convention Bureau**, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xe-

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 21 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convenións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.

- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa trascendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

- Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 8 de xaneiro de 2025 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025”.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decem-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 22 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

bro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencia a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

IV.- Que o **Concello de Vigo** está interesado en desenvolver accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo da cidade.

O Concello de Vigo está a posicionarse como destino turístico, non so a nivel nacional senón tamén no ámbito internacional.

Produtos turísticos coma o Vigo Nadal e a atracción xerada polas Illas Cíes deben complementarse con outras accións de promoción turística para completar a oferta turística, así mesmo compre necesario chegar a diferentes tipos de turismo, co fin de conseguir un turismo estable ao longo do ano.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800040 "Actividades de promoción turística e desestacionalidade", prevé unha transferencia polo importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 23 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) e na actualidade está a desenvolver dous Plans de sustentabilidade Turística, correspondentes aos anos 2022 e 2023 co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de data 25.09.25 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2025.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á desestacionalización do turismo de Vigo 2025 en reunión do padroado de data 15 de outubro de 2025, que certifica a aprobación a aprobación da solicitude e a memoria de actuacións do “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á desestacionalización do Turismo de Vigo 2025”

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á desestacionalización do turismo de Vigo, no ano 2025, conforme co programa recollido no convenio, traballarase nas seguintes accións de promoción do turismo:

1.- MATERIAL AUDIOVISUAL E FOTOGRÁFICO:

Vídeos:

- Conceptualización e elaboración de vídeo para a promoción de Vigo como plató cinematográfico.

Vigo posúe un rico patrimonio histórico, cultural e, por suposto, natural, un territorio urbano e paisaxístico ideal para a rodaxe de calquera tipo de produción audiovisual. A cidade ofrece múltiples e versátiles localizacións que pretendemos mostrar mediante a gravación, edición e posproducción dun vídeo promocional que xere interese sobre as citadas localizacións e que reflicte o variado patrimonio que ten Vigo.

- Conceptualización e elaboración de vídeos promocionais de Vigo como cidade de Congresos. Gravación, edición e posproducción de vídeos específicos que mostren actividades turísticas e congresuais de Vigo; así como os diferentes produtos e espazos que ofrece Vigo para a celebración de Congresos. O obxectivo é afondar, crear patrimonio documental e divulgar aos congresistas a identidade e o rico patrimonio que posúe a cidade.

- Elaboración de vídeos para a promoción da desestacionalización do turismo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 24 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Produción, gravación, realización, e edición de vídeos específicos para captar a visión de imaxes e localizacións que reflictan o potencial turístico que posúe Vigo, despertando a curiosidade do espectador así como o seu desexo de viaxar á cidade.

Ademais: adaptación para webs, presentación de candidaturas/eventos, portadas en redes sociais e optimizar para dispositivos móbiles.

Realización de fotografía promocional turística para MICE, VFO e turismo vacacional que aporte dinamismo e renovación do arquivo fotográfico existente, con imaxes que esperten no usuario o desexo de viaxar a Vigo e que transmitan os valores e realidade turística do destino en toda a estratexia promocional.

2.- IMPLEMENTACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DO TURISMO MICE

Entre esas accións estaría captar eventos, congresos, viaxes de incentivos e reunións, preparación e presentación de candidaturas, planificar e participar en feiras e elaborar e producir guías, dossieres e material promocional.

Co obxecto de impulsar un proceso de reinvencción e reorganización deste produto turístico, adaptándose ás novas tendencias de mercado; así como para a promoción e comercialización do destino no ámbito do turismo MICE.

3.- ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN EN FEIRAS TURÍSTICAS ONDE O SEGMENTO MICE TEÑA PRESENZA.

Co obxectivo de presentar e dar a coñecer o destino Vigo de forma que se promocióne, se detecten oportunidades e que se xeren contactos e negocios para Vigo.

4.- ASISTENCIA A EVENTOS, FEIRAS E FOROS PROFESIONAIS (marítimo-pesqueira, economía, automoción, etc.)

Que supoñan unha oportunidade para Vigo para atraer congresos, feiras, eventos ou viaxes de incentivos relacionados.

5.- REALIZACIÓN DUNHA GALA DO TURISMO A “Gala de Turismo” é un evento que ten proxeitado celebrar a FVCB onde se galardoa e recoñece o labor de empresas e particulares, que co seu esforzo e aposta por emprender, fan de Vigo un destino de calidade.

6.- ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN EN FESTIVAIS VINCULADOS AO TURISMO CINEMATOGRAFICO.

Realización de accións de promoción directa ou a través de xornadas e eventos que contribúan ao posicionamento de destinos:

- Como platós de cinema,
- Como espazos para rodaxes, que contribúan á desestacionalización con ocupación en servizos turísticos, e como promoción pola visualización de espazos recoñecibles deses destinos.

7.- ELABORACIÓN E PRODUCCIÓN DE 2 DOSSIERES SOBRE O SEGMENTO MICE E O SECTOR CINEMATOGRAFICO (VFO) EN VARIOS IDIOMAS.

O dossier pretende servir de ferramenta de traballo onde encontrar unha oferta especializada, estruturada e e actualizada das infraestruturas e servizos que Vigo presenta a quen aposta por organizar calquera encontro profesional na nosa cidade.

8.- MATERIAL PROMOCIONAL E MATERIAL GRÁFICO PARA MICE, VFO E TURISMO VACACIONAL (folletos, carteis, vinilos e outros elementos).

Realización dos traballos de deseño gráfico, edición, marcaje, produción e impresión dos obxectos de merchandising do destino que acompañarán e reforzarán as campañas publicitarias e de

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 25 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

promoción turística da cidade de Vigo nos diferentes mercados. Así mesmo, serán un complemento a outros elementos e ferramentas de difusión, en forma de obsequio promocional para a asistencia a feiras, congresos, agasallos de protocolo, accións directas e inversas de promoción, e demais necesidades que teñan por obxecto a promoción turística da cidade, turismo de negocios e turismo cinematográfico.

9.- ACONDICIONAMIENTO DA SEDE DA FUNDACIÓN VCB.

Co obxecto de manter unha temperatura agradable nas zonas de traballo

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á desestacionalización do turismo de Vigo durante o ano 2025, polo importe de 200.000,00€ (douscentos mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reduci sen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio, efectuarase nun so pago, que farase efectivo á sinatura do convenio.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800040 "Actividades de promoción turística e desestacionalidade" por importe de 200.000,00€ (dous mil euros).

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 26 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2025 dentro do programa

deberá presentarse con anterioridade ao 22 de decembro de 2025.

b) *Memoria económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2025 deberá presentarse con anterioridade ao 22 de decembro de 2025.

A memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación.

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitárase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2025 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 27 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Por mutuo acordo das partes.

3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - JURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A Concelleira da Área de Goberno
Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía
e Relación coas empresas, Turismo
e Xuventude

A Vicepresidenta da Fundación
Convention BureauVigo

Ana Mejías Sacaluga

Mª Carmen Lago Barreiro

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de interposición de recurso de alzada contra a resolución denegatoria da autorización previa á desafectación do antigo edificio do CEIP Virxe do Rocío. Expte. 22213/240.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 28 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto contra acordo de adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar (SAF). Expte. 285498/301.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

6(894).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DENEGATORIA DA AUTORIZACIÓN PREVIA Á DESAFECTACIÓN DO ANTIGO EDIFICIO DO CEIP VIRXE DO ROCÍO. Expte. 22213/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local.
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais
- RD 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación dos edificios públicos escolares de propiedade municipal
- ORDE de 4 de xuño de 1987 sobre desenvolvemento do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación dos edificios públicos escolares de propiedade municipal

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo do 2025 resolveu :*Solicitar, novamente, dá Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, autorización para a desafectación ó uso educativo do edificio municipal sito no n.º 72 da Rúa Rocio (Ref catastral 0443529NG2704S1YB), no termo municipal de Vigo, ó atoparse na ac-*

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 29 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tualidade en desuso, sen actividade docente dende o ano 2012, e resultar necesario destinado a outras actividades sociais, culturais e asistenciais desta administración municipal".
Acordo notificado á Comunidade Autónoma en data 8 de xullo do 2025.

SEGUNDO.- Pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, resolveuse en data 28/10/2025: *Non conceder a autorización previa á desafectación do antigo edificio do CEIP Virxe do Rocío, do Concello de Vigo (Pontevedra).*
Resolución que tivo entrada no rexistro xeral desta administración en data 30/10/2025.

TERCEIRO.- Pola Xefatura de Servizo de Educación, co conforme da Concelleira delegada da Área de Educación, emitiuse informe o 17/11/2025 sobre a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, pola que se deniega a desafectación ao uso educativo do antigo edificio do CEIP Virxen do Rocío.

No seu informe, o servizo de educación estima procedente a interposición de recurso de alzada contra dita Resolución ó considerar que encontrase xustificada e motivada a desafectación do edificio que situase fora do recinto escolar do CEIP Virxe do Rocío, e non ten uso educativo dende o traslado de dita actividade no ano 2012 ás instalacións do n.º 70 da Rúa Rocío que na actualidade alberga o CEIP, polo que a desafectación non afectaría á prestación do servizo educativo do centro e posibilitaría seu destino a outras actividades sociais, culturais e asistenciais, competencia da administración municipal.

A teor do exposto, procede recurrir en Alzada a resolución ditada, con base nos seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- A Resolución do 28 de outubro do 2025 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, denegou a autorización previa para a desafectación do antigo edificio do CEIP VIRXE DO ROCÍO, en base nuns informes que cita nos seus antecedentes, de carácter desfavorable á dita autorización según sinala, e emitidos polo Servizo Territorial de Inspección Educativa (25 de setembro de 2025); o Servizo da Unidade Técnica (26 de agosto de 2025); o Servizo de Programación e contratación (10 de outubro de 2025); e finalmente polo Departamento Territorial da Consellería (10 de outubro de 2025).

Cabe sinalar ó respecto que esta administración municipal non tivo coñecemento, durante toda a intrusión do procedemento seguido para a tramitación de dita autorización previa, dos informes realizados polos distintos servizos respecto á solicitude formulada por esta administración municipal, o que impediu coñecer os motivos expostos para informar desfavorablemente dita desafectación.

A falta de traslado deses informes como o feito de que non se concedera o preceptivo trámite de audiencia a esta administración para alegar ó que resultara conveniente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos, supoñe unha infracción do procedemento, que lle causou indefensión, ó verse privada da posibilidade de defensa e replica fronte os informes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 30 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

emitidos e incorporados ao expediente, e que resultaron esenciais e determinante na resolución finalmente adoptada.

Polo tanto, podese considerar que a resolución recurrida dictouse prescindindo das formalidades procedimentais legalmente esixidas, o que causou un perxuício real e efectivo a esta administración na defensa dos seus dereitos, cuia vulneración supoñe que a mesma se atope incurso en causa de nulidade, dacordo co art. 47,1 a) e e) da LPACAP, en relación co art. 82 do mesmo texto legal.

SEGUNDO.- A Resolución adoptada adolece, igualmente, da suficiente motivación para xustificar a denegación da autorización previa solicitada, tal como esixe a ORDEN de 4 de junio de 1987 sobre desenvolvemento do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, por el que se regula el procedimiento de autorización previa a la desafectación de los edificios públicos escolares de propiedad municipal, o sinalar que *Las resoluciones denegatorias de las autorizaciones solicitadas serán siempre motivadas y recurribles en alzada ante el titular del Departamento en los términos y plazos de la Ley de Procedimiento Administrativo.(art. 6º).*

A existencia de motivación das resolucións administrativas que poñan fin os procedementos (art. 88 en relación co art.35 da LPACAP) ten o dobre fundamento, como refírese pola doutrina xurídica de ser garantía fronte a posible arbitrariedade que poda darse na toma da decisión e, posibilita coñecer as razóns, fundamentos e circunstancias que determinan os termos nos que se adopta.

Como sinala o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza de 16 de xuño do 1982, *“la motivación es necesaria para el debido conocimiento de las razones de la decisión administrativa por los interesados en términos que haga posible la defensa de sus derechos e intereses, debiendo darse la misma, en cada caso, con la amplitud necesaria para tal fin, pues sólo así puede el interesado alegar después cuanto convenga para su defensa, sin verse sumido en la indefensión que prohíbe el artículo 24.1 de nuestra Norma Fundamental”.*

No presente caso, considérase que a Resolución recurrida carece dunha mínima exposición razonada dos motivos e circunstancias que xustifican a decisión adoptada, pola que denegou a autorización previa para a desafectación do edificio do CEIP Virxen do Rocío.

Neste senso, a resolución limitase a sinalar, de forma xenérica, que o edificio é necesario para o uso educativo, e que nel se realizan distintas actividades lectivas do alumnado do CEIP, atopándose instalacións do Centro de Formación do Profesorado e sendo empregadas pola ANPA varias estancias da planta baixa (Punto 3 das Consideracións legais e técnicas), pero en modo algun xustifica que estes usos adecúense aos educativos aos que ven obrigado a destinalo, ó tratarse dun edificio escolar de titularidade municipal afecto a prestación da educación infantil e primaria, no marco do esixido pola Disposición Adicional 15ª da Lei Orgánica 2/2.006, de 3 de maio, de Educación .

A teor de dito precepto, corresponde á administración educativa acreditar que o edificio permanece destinado a albergar, especificamente, un centro público de educación infantil e primaria, e non destinase a outros usos, aínda que sexan no ámbito do servizo público de educación, para o que requiriríase a previa desafectación. Neste caso, non podese considerar acreditado na resolución, que o antigo edificio se adique aos usos educativos específicos que dispoñe dita norma, xa que únicamente se fai mención á realización de actividades lecti-

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 31 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vas no edificio, sin maior concreción ou especificación e, por outra banda, refire outras actividades que, si ben poderíanse encuadrar no ámbito educativo, no responden ao uso específico a que debe destinarse, tal e como mais adiante recollese no informe do servizo de educación.

Conseguentemente, dita resolución adolece da necesaria motivación para xustificar a denegación da autorización previa a desafectación do antigo edificio do CEIP Virxen do Rocío, como centro escolar de educación infantil e primaria, unha vez que se produxo o traslado da actividade educativa, no ano 2012, ó novo centro sito no n.º 70 da Rúa Rocío, que alberga na actualidade o CEIP.

TERCEIRO.- Pola Xefatura do Servizo de Educación, emitíuse informe, en data 17/11/2025, sobre a resolución ditada, no que manifesta non estar de acordo co seu contido nin cos informes nos que fundamentase a denegación desa autorización previa procedendo, neste caso, a concesión desta para desafectar do uso educativo dito edificio.

No seu informe, o servizo de educación sinala ó respecto que:

“O CEIP Virxe do Rocío é un dos centros educativos máis antigos da cidade de Vigo. Desenvolveu a súa actividade en distintas localizacións ao longo dos anos.

O derradeiro cambio foi no 2012 co traslado a un novo edificio. Isto levou a que toda a actividade docente de educación infantil e primaria se concentrase nunha sola parcela, pechada, asentada na rúa do Rocío número 70.

Dende este traslado o antigo edificio do CEIP quedou en desuso; este inmovible está situado fóra do actual recinto escolar e nunha finca separada do recinto escolar por unha rúa (rúa Miño).

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recolle no artigo 25.2.n) como competencia propia dos municipios en materia de educación “A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”. Esta competencia vén recollida tamén na disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Polo tanto, este Concello asumiu estas competencias en toda a parcela educativa do número 70, pero deixou de asumilas no edificio de catro plantas que quedou fóra do recinto escolar e sen uso educativo.(...)

A Concellería de Educación do Concello de Vigo considera que este edificio, ao non formar parte do actual CEIP VIRXE DO ROCÍO nin ter uso para educación primaria, educación secundaria, educación especial nin formación profesional, ten que ser devolto ao Concello de Vigo. Por esta razón a Xunta de Goberno Local en data 4 de xullo de 2025, acordou “Solicitar, novamente, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, autorización para a desafectación ó uso educativo do edificio municipal sito no n.º 72 da Rúa Rocío (Ref catastral 0443529NG2704S1YB), no termo municipal de Vigo, ao atoparse na actualidade en desuso, sen actividade docente dende o ano 2012, e resultar necesario destinalo a outras actividades sociais, culturais e asistenciais desta administración municipal”.

(...)A solicitude de desafectación de dito edificio polo Concello de Vigo vén motivada e xustifícase en que este edificio que se atopa fóra do recinto escolar do CEIP VIRXE DO ROCÍO, non ten uso educativo dende o traslado da dita actividade no ano 2012 ás instalacións do n.º 70 da rúa Rocío, que na actualidade alberga o CEIP, polo que que a dita desafectación non afectaría á prestación do servizo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 32 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

educativo deste centro e posibilitaría destinar o inmovible a outras actividades sociais, culturais e asistenciais, competencia desta administración municipal, dando resposta ás ditas necesidades públicas.

O uso dos edificios escolares municipais está regulado na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) que na súa disposición adicional décimo quinta establece:

“3. Cuando el Estado o las Comunidades Autónomas deban afectar, por necesidades de escolarización, edificios escolares de propiedad municipal en los que se hallen ubicados centros de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, dependientes de las Administraciones educativas, para impartir educación secundaria o formación profesional, asumirán, respecto de los mencionados centros, los gastos que los municipios vinieran sufragando de acuerdo con las disposiciones vigentes, sin perjuicio de la titularidad demanial que puedan ostentar los municipios respectivos. Lo dispuesto no será de aplicación respecto a los edificios escolares de propiedad municipal en los que se impartan, además de educación infantil y educación primaria o educación especial, el primer ciclo de educación secundaria obligatoria. Si la afectación fuera parcial se establecerá el correspondiente convenio de colaboración entre las Administraciones afectadas.”

Por outra parte, o Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal, recolle no seu artigo 1 que a autorización previa á desafectación dos inmovibles e edificios públicos escolares só poderá ter lugar, conforme ao procedemento establecido nesta disposición, cando concorra algún dos supostos seguintes: Cando o inmovible deixa de ser necesario, en todo ou en parte, para o desenvolvemento do servizo público de ensino.

De conformidade co recollido na LOE o Estado ou as Comunidades Autónomas poderán afectar por necesidades de escolarización, edificios escolares de propiedade municipal nos que estean ubicados centros de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, dependentes das Administracións educativas, para impartir educación secundaria ou formación profesional.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional pretende utilizar unha parte do edificio do antigo edificio do CEIP como Centro de Formación de profesorado (CFR) pero a formación do profesorado non é unha necesidade de escolarización para impartir educación secundaria o formación profesional, premisa que establece a lei para o uso polo Estado ou Comunidades Autónomas dos edificios escolares de propiedade municipal.

O edificio non se está adicando ao “uso educativo ao que está destinado” como sinala o Servizo de Programación e Contratación no citado ditame de data 10 de outubro de 2025, xa que o uso educativo ao que estaba destinado era ser un centro de educación infantil e de educación primaria, e non un centro de formación de profesores.

Segundo dispón o artigo 14 do Decreto 75/2025, de 4 de agosto, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio, en centros educativos sostidos con fondos públicos de la Comunidad Autónoma de Galicia, será competencia da consellería competente en materia de educación a creación dos centros de formación e recursos.

Polo tanto queda claro que a formación permanente do profesorado non é un unha actividade educativa, como pretende xustificar a Consellería; é unha obriga e competencia propia da administración educativa para mellorar a cualificación profesional permanente dos seus empregados públicos, debendo atender a esta competencia cos seus propios medios, e non utilizando o patrimonio do Concello de Vigo.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 33 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En todo caso como xa se sinalou, os edificios escolares de propiedade municipal poderán ser empregados pola comunidade autónoma exclusivamente por necesidades de escolarización, para impartir educación secundaria ou formación profesional, o que non inclúe a formación do profesorado.

Unha posible actividade residual (utilización dunha aula nun edificio de catro plantas) por parte da ANPA non xustifica a denegación da desafectación do inmovible do uso educativo, por canto a ANPA pode realizar as súas actividades nas instalacións do propio CEIP, ao igual que sucede no resto dos centros escolares de Vigo.”

A teor do informado podese extraer, sin xenero de dúbida, unha infrautilización de dito edificio e sua adicación a usos que non correspondense cos exisidos na Disposición Adicional 15ª da Lei Orgánica de Educación.

En relación ao suposto de destinar o edificio a outros usos, resulta de interes o sinalado pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla e León, na sua Sentencia 2311/2010 de 22 de outubro do 2010, no recurso contencioso administrativo interposto contra a denegación dunha autorización previa á desafectación dun antigo edificio.

Na sentenza o tribunal sinala, nos seus fundamentos de dereito que :

“(…) La motivación de la denegación de la autorización previa a la desafectación, que se expresó en la resolución originaria y se mantuvo en la Orden desestimatoria de la alzada, se basó en que el inmueble en cuestión alberga en la actualidad a los Equipos de Orientación Educativa y Psicopedagógica, dependientes de la Dirección Provincial de Segovia y cuya función que desempeñan resulta "complementaria" a la prestada en los centros docentes, formando por ello parte del servicio público de enseñanza prestado por la Administración educativa y al que se entendía continuaba afectado el edificio, y por lo tanto y a tenor de la Disposición Adicional 15ª de la Ley Orgánica 2/2.006, de 3 de mayo, de Educación , no podrá ser destinado a otros usos por parte del Ayuntamiento de Segovia pese que el mismo ostente su titularidad.

(…) no puede prescindirse del tenor del apartado segundo de la reiterada disposición adicional 15ª de la L.O. 2/2006 , según el cual la obligación de conservación que tienen los municipios se refiere, concreta y específicamente, a los "edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial", disponiéndose a continuación que los mismos "no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente"; lo que significa a fin de cuentas que si la Administración educativa quiere darles otros usos distintos que sean distintos de esas concretas finalidades, y aunque lo fueran para atender también necesidades educativas, será siempre precisa la autorización de desafectación. Esto es, la autorización previa a la desafectación del uso originario no sólo se exige para destinar el edificio a usos distintos de los educativos que pueda querer darles el ayuntamiento titular del edificio, sino también si es la propia Administración educativa quien pretende darles un destino que aunque sea de carácter educativo no cumple las concretas finalidades que señala aquella disposición.

Por lo demás, esta interpretación resulta corroborada por el tenor del apartado 3 de la misma disposición, en que se contempla el supuesto de la posibilidad de afectar los edificios escolares de propiedad municipal para "impartir educación secundaria o formación profesional", estableciéndose que en estos casos asumirán los costes de conservación, según los casos, el Estado o la Comunidad Autónoma respectiva. Pues que, y si bien se admite, si es que ello resultase imprescindible para atender las necesidades de escolarización, que puedan afectarse a la educación secundaria y formación profesional aquellos edificios que inicialmente estaban destinados a la educación infantil, primera y especial,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 34 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

ello tamén supondrá en definitiva que non poderá incluírse dentro de este suposto a afectación para cualesquiera outros usos educativos distintos a los indicados si antes non se sigue el correspondiente procedemento de desafectación, y, en su caso, de nueva afectación. (Fundamento de dereito segundo). (...) el problema suscitado en definitiva se torna en determinar si la Administración Educativa actuó correctamente cuando tomó la decisión de que en el edificio sito en la Calle San Lorenzo, número 22, de Segovia, que inicialmente estaba destinado al Colegio Público de Educación Infantil y Primaria "Martín Chico", se alojasen en el mismo los Equipos de Orientación Educativa y Psicopedagógica, lo que necesariamente pasa por analizar la cuestión de si este nuevo uso cabía o no dentro de alguno de los destinos a que se refiere la reiteradamente citada Disposición adicional 15ª de la Ley 2/2006 .

(...) Vemos, pues, que en el edificio en cuestión en la actualidad no se lleva a cabo directamente ninguna actividad de tipo lectivo referida, concretamente, a las enseñanzas de Educación Infantil, Primaria y Especial; como tampoco de la Educación Secundaria o Formación Profesional, lo que en cualquier caso sería el supuesto excepcional del tercer apartado de la Disposición Adicional 15ª de la L.O. 2/2.006. Se trata, sí, de la realización de una actividades de apoyo de carácter educativo, pero que al ser de carácter general para todos los centros, e incluso no sólo referida a la Educación Infantil, Primaria y Especial sino también a la Secundaria, no podrá decirse entonces que la misma constituye una actividad "complementaria" o "accesoria" de la propiamente educativa o lectiva que se lleva a cabo en un concreto centro docente.

Así las cosas, en fin, la apreciación de esta circunstancia no puede llevarnos a otra conclusión que la de considerar que el nuevo uso dado al inmueble por la Administración autonómica no satisface ninguna de las finalidades específicas a que se refiere la reiterada disposición a las que ya se ha hecho referencia -centro público de educación infantil, primaria o especial-, y por ello el presente recurso contencioso habrá de ser estimado con la consecuencia de que procederá la anulación de la resolución administrativa impugnada."

De todo ello podese concluir que na actualidade, atendendo aos usos e actividades ó que adicase dito edificio como igualmente as circunstancias que concurren no presente caso, referidas no informe de educación, non xustifícase o mantemento da súa afectación ao uso educativo como centro escolar de educación infantil e primaria e si, pola contra, procedería súa desafectación para poder destinalo a outros fins públicos de interese municipal, tal como se ten solicitado.

En base o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **Acordo**:

UNICO. Interpoñer recurso de Alzada contra a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 28/10/2025 pola que non concedeu a autorización previa á desafectación do antigo edificio do CEIP Virxe do Rocío e, conforme ao sinalado nos fundamentos xurídicos do presente, se acorde súa estimación e se proceda a otorgar ó Concello de Vigo a autorización previa á desafectación do antigo edificio do CEIP Virxe do Rocío.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 35 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7(895).-INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 285498/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/11/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos e conformado pola concelleira de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 36 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 25 de abril de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 28 de abril de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fiándose como data final o 26 de maio as 23.59.

Terceiro.- En data 18 de maio de 2025, D. Manuel Luis Rodas García, en nome e representación de SINDICATO NACIONAL DE GALICIA CCOO (en diante, CCOO ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de cláusulas administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

Este recurso foi estimado por resolución nº 96/2025 do TACGAL, do 5 de xuño de 2025. A XGL, en sesión de data 13 de xuño, acordou tomar razón da precitada resolución e dar traslado á Area de Contratación e Novos Proxectos para a execución do acordado polo Tribunal.

Cuarto.- En data 24 de xuño de 2025, a proposta da área xestora do expediente, Benestar Social, a concelleira delegada da área de Política Social, Turismo e Xuventude resolveu o arquivo do procedemento tramitado co número de expediente 278314-301 e incoar un novo expediente administrativo para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar.

Quinto.- En data 11 de xullo de 2025, a XGL aprobou o novo expediente, nº 285498-301, para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar, e acordou a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Sexto.- O anuncio de licitación publicouse o 14 de xullo de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Sétimo.- Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. GRUPO PROBISER
2. SERVEO SOCIAL, SL
3. FEPAS

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 37 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA
5. ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA
6. SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, SAU
7. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL
8. ÓBOLO SCA DE INTERÉS SOCIAL

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión do 14 de agosto de 2025, acordou admitilos a todos neste procedemento, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Oitavo.- A Mesa de Contratación, na sesión de 25 de setembro de 2025, acordou a exclusión dos licitadores OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL e ÓBOLO SCA DE INTERÉS SOCIAL por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP na valoración do sobre B.

Noveno.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 2 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de setembro de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP:

1. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL
2. ÓBOLO SCA DE INTERÉS SOCIAL

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo (285498-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GRUPO PROBISER	89,86
2	SERVEO SOCIAL, SL	83,61
3	FEPAS	83,50
4	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA	77,72
5	ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA	58,06
6	SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, SAU	50,05

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO PROBISER, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 38 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

1. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atopen viventes”.

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO PROBISER, SLU, o día 3 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o 13 de outubro de 2025, dentro do prazo concedido.

Décimo.- A Mesa de Contratación, na sesión de data 23 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a GRUPO PROBISER, SLU para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia económica e técnica e á integración da solvencia con medios externos, aclaración do poder de representación e a sinatura válida da documentación presentada.

Previa solicitude do licitador formulada o 23 de outubro de 2025, por resolución da Concelleira delegada da área de contratación da mesma data concedéuselle unha ampliación do prazo de dous días.

O licitador emenda a documentación en prazo.

Undécimo.- A Mesa de Contratación, na sesión de data 30 de outubro de 2025, **tras revisar a documentación achegada polo licitador**, e constatado que esta é correcta, **formula proposta de adxudicación.**

Duodécimo.- En data 31 de outubro de 2025 a Xunta de Goberno Local, á proposta da Mesa de contratación, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de setembro de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP:

1. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL
2. ÓBOLO SCA DE INTERÉS SOCIAL

Segundo.- Adxudicar a GRUPO PROBISER, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo (285498-301) coas seguintes condicións:

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 39 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) O prezo total do contrato é de 47.183.385,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.814.745,60 euros.
- b) Propón a prestación de 1.500 horas/ano de servizos de podoloxía e perruquería para as persoas usuarias que o precisen, por proposta dos/as responsables municipais do SAF.
- c) Propón a realización de limpeza de choque para 15 vivendas/ano, previas ó inicio da prestación do servizo..
- d) Propón a realización dun curso teórico-práctico de 4 horas de manexo de axudas técnicas para todo o persoal e durante todo o período do contrato..

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este acordo foi notificado ao adxudicatario e publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo ese mesmo día.

Décimo terceiro.- En data 4 de novembro de 2025, D. Justino Cano Alonso, en nome e representación da mercantil SERVEO SOCIAL, S.L., (en adiante, SERVEO ou o recorrente), presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello solicitando a vista da documentación presentada por GRUPO PROBISER, SLU, no expediente de referencia, así como a obtención de copias.

Décimo quinto.- En data 11 de novembro de 2025 o recorrente compareceu nas dependencias da área de Contratación e Novos Proxectos, e tivo acceso a documentación solicitada con excepción daquela designada como confidencial polo licitador GRUPO PROBISER, SLU., por canto, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de 6 de novembro de 2025, en cumprimento do disposto no artigo 133 da LCSP e na cláusula 14.4.3 do PCAP, acordouse aceptar a declaración de confidencialidade á vista do informe do xefe da Área de Benestar Social de 6 de novembro de 2025.

Décimo cuarto.- En data 20 de novembro de 2025, D. Joaquín Gonzalo Rodríguez Fonseca, en nome e representación da mercantil SERVEO SOCIAL, S.L., (en adiante, SERVEO ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da XGL de 31 de outubro de 2025, de adxudicación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 40 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 41 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou ex-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 42 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

clusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 43 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 20 de novembro de 2025. Dado que a adxudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 31 de outubro de 2025, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 44 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito de recurso presentado por SERVEO contén os motivos de impugnación nas alegacións primeira e segunda. Estes son:

1. Incumprimento por GRUPO PROBISER da solvencia económica e técnica mínima para poder ser adxudicataria da licitación.
2. Ampliación do prazo de subsanación contrario ao principio de igualdade de trato entre os licitadores.

Analizaremos a continuación cada un destes motivos:

1.- Incumprimento por GRUPO PROBISER da solvencia económica e técnica mínima para poder ser adxudicataria da licitación

Comeza o recorrente citando as cláusulas do PCAP que regulan a aptitude para contratar (cláusula 9) e a acreditación da solvencia técnica e económica que deben reunir os licitadores para poder resultar adxudicatarios deste contrato (cláusula 18 e apartado 5 das Folla de especificacións do contrato -FEC-):

“5.B) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA: *declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ó ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ó 75% da anualidade media do prezo do contrato (12.376.841,81 €).*

C) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL: *unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou semellante natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ó 75% da anualidade media do prezo do contrato (12.376.841,81 €).”*

A continuación o recorrente, tendo en conta que o adxudicatario concorre a esta licitación integrando a súa solvencia, tanto económica como técnica coa dun terceiro, URGATZI, S.L., calcula a porcentaxe de solvencia achegado polo licitador, 0,46% da solvencia económica e 0,4% da solvencia técnica.

Previamente ao análise das alegacións do licitador, procede traer a colación, a regulación da integración da solvencia con medios externos na LCSP, contida no seu artigo 75. Esta norma permite que os licitadores poidan basearse na solvencia, tanto económica como técnica, e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que, se cumpran estes tres requisitos:

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 45 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Que demostren que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerán efectivamente desa solvencia e medios.
2. Que a entidade á que se recorra para acreditar a solvencia non estea incurso nunha prohibición de contratar.
3. Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao poder adjudicador que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das devanditas entidades. Deberá presentarse polo licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, previo requirimento cumprimentado de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 150.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE en diante) determina que o licitador que se basea nas capacidades doutros empresarios para a execución dun contrato é libre de escoller, por unha banda, que tipo de relación xurídica vai establecer con eles e, por outro, que medio de proba vai achegar para demostrar a existencia desa relación xurídica (sentenza ditada no asunto C-234/14 de 14 de xaneiro de 2016). No entanto, a doutrina, tanto a xurisprudencial como a administrativa emanada dos órganos consultivos e os tribunais administrativos especiais para a resolución de recursos especiais en materia de contratación, é unánime en considerar que non é suficiente cunha mera declaración. Citaremos por todas a resolución nº 164/2017 do TACP de Madrid, que *“La posibilidad de acreditar tanto la solvencia como la adscripción de medios al contrato que constituye un plus de solvencia, como ha señalado este Tribunal de forma reiterada, tiene por objeto garantizar que las licitadoras tienen la capacidad para ejecutar tanto económica como técnicamente las prestaciones objeto del contrato, bien por sí mismas, bien mediante la aportación de los medios de sus filiales o empresas terceras. Pero esta posibilidad obviamente no se satisface mediante un mero formalismo consistente en una declaración al respecto sino que debe llevar aparejada la posibilidad real de utilizar los medios, técnicos, económicos o profesionales, que aun perteneciendo a otra entidad se aportan para la ejecución del contrato”*.

A lei permite ao órgano de contratación fixar límites á integración da solvencia de terceiros. Así:

1. Poderá esixir formas de responsabilidade conxunta entre aquela entidade e as outras na execución do contrato, mesmo con carácter solidario.
2. No caso dos contratos de obras, os contratos de servizos, ou os servizos ou traballos de colocación ou instalación no contexto dun contrato de subministración, poderán esixir que determinadas partes ou traballos, en atención á súa especial natureza, sexan executadas directamente polo propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, por un participante na mesma, sempre que así se previu no correspondente prego con indicación dos traballos aos que se refira.

Continuando coas alegacións do recorrente, este mostra a súa desconformidade co criterio da Mesa de Contratación que *“ha considerado garantizada la ejecución del contrato desde el punto de vista técnico por contar con la habilitación profesional como entidad prestadora de servicios sociales, y por ejecutarse con sus medios propios: 3 personas en plantilla (que ni siquiera han justificado y acreditado su titulación, certificados de experiencia, vida laboral...) y el personal a subrogar. Importa destacar en este punto que, el personal a subrogar*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 46 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

no forma parte de la empresa PROBISER en el momento de la licitación, por lo que no debería computarse como medio propio para acreditar solvencia. La jurisprudencia y la doctrina del TACRC confirman que la solvencia debe acreditarse con medios que el licitador ya dispone o tiene garantizados antes de la adjudicación, no con recursos futuros”.

Efectivamente, a Mesa, na sesión de 23 de outubro, á vista da documentación presentada polo licitador primeiro clasificado manifestou o seguinte:

“Vista a documentación presentada e estando permitida a integración da solvencia con medios externos e que o licitador debe dispoñer dun mínimo de solvencia, sen que integrar supoña suplir senón completar, tendo en conta a proporcionalidade da solvencia (económica e técnica) acreditada, pregúntase ao xefe da Área de Benestar Social, presente na sesión se, para este caso concreto, esa solvencia resulta suficiente.

O xefe da Área de Benestar Social expón que tendo en conta as circunstancias conxuntas neste contrato no que se recolle un listado de subrogación de persoal, no que se fixan como tarefas críticas “todas as que corresponden ao persoal auxiliar do SAF”, que non se fixaron tarefas ou traballos que deberá realizar directamente o licitador no caso de que se integre a súa solvencia con medios externos, que se esixe unha habilitación profesional como entidade prestadora de servizos sociais que o licitador acreditou posuír e que na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor completa a plantilla a subrogar cun equipo formado polo director xeral licenciado en socioloxía con 20 anos de experiencia no sector, director de operacións responsable de PROBISER, licenciado en Administración e Dirección de empresas, conta con máis de 15 anos de experiencia na dirección de operacións no SAD e con experiencia previa na xestión do SAF do Concello de Vigo e responsable de PROBISER para a coordinación coa RLT, diplomada en Grao Social e Técnico Superior en Riscos Laborais con máis de 20 anos de experiencia nas relacións laborais no SAD, nos que tamén traballou para o SAF do Concello de Vigo, o licitador pode garantir a execución do contrato desde o punto de vista técnico sen que se poida considerar que actuará como un mero intermediario dado que a prestación se executará cos seus medios persoais e co persoal a subrogar.

Á vista do anterior acórdase, por unanimidade dos membros presentes:

- *Conceder un prazo de 3 días naturais a GRUPO PROBISER, SLU para que poida emendar a documentación presentada”.*

Á vista destas circunstancias, conclúe o licitador que *“la empresa licitadora no tendría una solvencia mínima suficiente para prestar el contrato y, no sólo estaría integrando la solvencia con medios externos, sino que estaría supliéndola en su totalidad, ya que el porcentaje que refleja es totalmente irrisorio frente a la solvencia técnica que los pliegos exigen”* (páxina 8 penúltimo párrafo). Cita en apoio da súa tese varias sentenzas xudiciais así como resolucións de tribunais administrativos especiais de resolución de recursos contractuais, que fixan o criterio de que integrar significa completar máis non suplir. De entre todas as citadas nos deteremos na Resolución nº 448/2024, de 4 de abril do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en adiante TACRC).

É preciso por de manifesto que esta resolución, tras indicar que para que o licitador integre a súa solvencia coa dun terceiro, é necesario que dispoña dun *“mínimo de solvencia”*, aclara

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 47 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que é imposible determinar cal é o mínimo de solvencia esixible con carácter xeral e que, polo tanto, deberá determinalo o órgano de contratación en cada caso concreto:

“Cuanto sea ese mínimo es ciertamente, una cuestión casuística, que corresponde al órgano de contratación dilucidar a partir tanto del grado de participación de los terceros (que debe observar el equilibrio que el propio significado del término “integrar”, “completar un todo con las partes que faltan”, en la segunda acepción del diccionario de la RAE o, incluso, más ilustrativamente a nuestros efectos, “dicho de diversas personas o cosas: constituir un todo” en su primera acepción) como del efectivo compromiso de estos en el cumplimiento del contrato. En definitiva, el “mínimo de solvencia” del licitador ha de ser, en todo caso, suficiente para que este, de serle adjudicado el contrato, no sea, simplemente, una suerte de gestor o intermediario en el procedimiento de licitación cuando no una mera pantalla que evite o dificulte la exigencia de responsabilidades a quien realice materialmente las prestaciones por sus actuaciones”.

Nesta liña, o TJUE, determina que corresponde ao órgano de contratación comprobar a aptitude do licitador para executar o contrato, polo que, de recorrer este a capacidades de terceiros, debe comprobar a súa adecuación e suficiencia para garantir a adecuada execución do contrato (STJUE do 7 de abril de 2016 - C-324/14 “Partner Apelski Dariusz”) e a efectiva dispoñibilidade polo licitador de tales capacidades durante o prazo de vixencia do contrato (STJUE do 14 de xaneiro de 2016 -C-234714 “Ostas celtnieks”).

En aplicación desta doutrina, o órgano de contratación do Concello de Vigo, considerou axeitada a solvencia achegada polo licitador así como a da empresa que integra a mesma, en base ao exposto polo xefe da área xestora na sesión da Mesa de Contratación de 23 de outubro de 2025, así como polas circunstancias concorrentes neste caso. Non existe dúbida de que o adxudicatario non será so un simple xestor ou un intermediario do terceiro que completa a súa solvencia, e que se pode garantir a correcta execución do contrato. Así:

- No caso que nos ocupa os pregos que rexen esta licitación non establecen ningún límite a integración da solvencia con medios externos.
- Tampouco reserva tarfeas ou traballos para que sexan realizados polo licitador (apartado 5 E da FEC).
- O obxecto deste contrato é *“a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) previsto no D.99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que ten por finalidade a prestación dun conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio desde unha perspectiva integral e normalizadora para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo”* (apartado 2.A das FEC). Como se pode deducir facilmente, a prestación fundamental é atender aos usuarios nos seus domicilios, realizando as funcións previstas na cláusula 3 do PPT. Estas funcións se realizan polo persoal técnico e polo pesoal auxiliar baixo a supervisión do responsable de coordinación, tal e como prevé a cláusula 7 do PPT, e coa intervención das traballadoras sociais do Concello nalgúns trámites como a alta no servizo dos usuarios (cláusula 6 do PPT), quedando rexistradas todas as actuacións nunha plataforma municipal. Tal e como informa o xefe da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 48 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

área xestora, tanto o persoal técnico como o persoal auxiliar que actualmente prestan os servizos teñen dereito a subrogación, incorporándose o listado de persoal subrogable ao Anexo II do PPT.

- Do “Proxecto de organización e prestación do servizo” presentado polo adxudicatario no sobre B da súa oferta dedúcese, tal e como informou o xefe da área na citada sesión da Mesa de 23 de outubro que *“completa a plantilla a subrogar cun equipo formado polo director xeral licenciado en socioloxía con 20 anos de experiencia no sector, director de operacións responsable de PROBISER, licenciado en Administración e Dirección de empresas, conta con máis de 15 anos de experiencia na dirección de operacións no SAD e con experiencia previa na xestión do SAF do Concello de Vigo e responsable de PROBISER para a coordinación coa RLT, diplomada en Grao Social e Técnico Superior en Riscos Laborais con máis de 20 anos de experiencia nas relacións laborais no SAD, nos que tamén traballou para o SAF do Concello de Vigo”*.
- A empresa conta coa habilitación profesional esixida no apartado 5.H da FEC *“estar inscritas necesariamente no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS). Esta esixencia poderá, eventualmente, ser substituída pola de estar inscritas noutro rexistro equivalente ou ter obtido as autorizacións, licenzas, habilitacións e cualificacións profesionais necesarias para o exercicio da actividade, dunha autoridade competente, nacional ou doutro Estado da UE o do Espazo Económico Europeo, distinta das da CA de Galicia. No caso de que na CA de residencia ou no Estado membro correspondente non sexa esixible o cumprimento de ningún requisito formal ou materia para o exercicio da actividade, dispensaráselle de tal requisito (Resolución 258/2016 do TACRC)”*, posto que, tal e como ten fixado a doutrina xurisprudencial os terceiros poden integrar a solvencia máis non achegar a habilitación profesional esixida ao licitador (STS da Sala Tercera, do Contencioso-administrativo, Sección 3a, 1226/2025 de 1 de outubro de 2025, ditada no recurso 2889/2022).
- O terceiro asume solidariamente a responsabilidade na execución do contrato en escrito de data 24 de outubro de 2024 outorgado ante notario e asinado polos representantes de ambas mercantís.

A área xestora do expediente, a requirimento da área de Contratación, informa, en data 24 de novembro de 2025, o seguinte sobre a solvencia do adxudicatario:

“II.1. “Incumplimiento por Grupo Probiser de la solvencia económica y técnica mínima para poder ser adjudicataria de la licitación”.

O certo é que os Pregos que rexeron esta contratación non fixaban ningún mínimo de solvencia que tivese que presentar por sí mesmo o licitador, porque o órgano de contratación non o considerou necesario. Pretender establecer un mínimo que lle pareza axeitado á entidade recorrente nesta fase do procedemento resultaría completamente irregular e extemporáneo.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 49 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na súa oferta, GRUPO PROBISER, S.L.U. achega un director de servizos sociais e unha directora de servizo, así como o soporte interno dos departamentos de Administración e finanzas, RR.HH., PRL, Calidade, Formación e Dirección técnica. É dicir, non existe unha diferenza significativa co que ofreceron os demais licitadores porque, en realidade, cada contrato debe analizarse segundo as súas características propias e, no caso do SAF de Vigo, a capacidade técnica para a prestación do servizo a achega, na súa maioría, o personal a subrogar e o personal municipal adscrito ó SAF, integrado na actualidade por un equipo de 5 empregadas públicas.

Desde un punto de vista técnico, para os xestores municipais ten máis importancia para a prestación dun bo servizo ás persoas usuarias do SAF o personal a subrogar que o persoal propio que aporte a empresa adxudicataria.

O SAF prestado polo Concello de Vigo é un servizo con máis de 20 anos de experiencia, que funciona razoablemente ben e no que os responsables técnicos consideramos que a maior marxe de mellora está na formación dos traballadores a subrogar.

De feito, nos criterios de valoración ten máis peso no seu conxunto a formación dos/as traballadores/as do SAF que a organización, metodoloxía, etc., que poidan achegar os licitadores.

A respecto da solvencia económica e financeira, o que realmente debe ter valor para o órgano de contratación é a seguridade de que a prestación do servizo se poida levar a cabo para todo o período do contrato e isto estaría garantido coa escritura pública outorgada polo licitador (GRUPO PROBISER, S.L.U.) e o terceiro (URGATZI, S.L.) na que asumen solidariamente a execución do contrato en todo o relativo á integración da solvencia económica e financeira.

II.2. "...el personal a subrogar no forma parte de la empresa PROBISER en el momento de la licitación, por lo que no debería computarse como medio propio para acreditar solvencia..."

Entendemos que dependerá das características do contrato e, neste caso, non estamos diante da adxudicación dun novo servizo. A pesar de que a mercantil recorrente considere que o persoal a subrogar non forma parte da empresa, a efectos técnicos e profesionais sí que o sería e por isto non se esixen outros medios persoais nin se fixan tarefas que teña que executar o adxudicatario con persoal propio. Sobre a acreditación dunha experiencia, que non se esixe, sería absurdo pois por experiencia sabemos que o personal da empresa pode cambiar á semana da sinatura do contrato.

II.3. A Mesa de Contratación, na sesión do 23.10.2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acordou requirir a GRUPO PROBISER, S.L.U. para que emendase, entre outros extremos, a documentación relativa á solvencia económica e técnica e á integración da solvencia con medios externos. Durante o prazo concedido presentou ó respecto a seguinte documentación.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (12.376.841,81€), presentan as contas de 2024 tanto do licitador como do terceiro nas que o licitador acredita unha solvencia mínima e o terceiro acredita un importe neto da cifra de negocios que supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (12.376.841,81€), presentan certificados de boa execución nos que o licitador acredita unha sol-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 50 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

vencia mínima e do terceiro acredita un importe neto da cifra de negocios que supera esta cantidade.

- *Relación nominal de traballadores (7 traballadores) e declaración de non estar obrigado a contar cun plan de igualdade ni a ter un 2 por cento dos seus empregados con discapacidade.*
- *Escritura outorgada polo licitador e o terceiro na que que asumen solidariamente a execución do contrato en todo o relativo á integración da solvencia económica e financeira, que ambas responderán da execución do contrato conforme ao previsto no PCAP e no PPTP, que durante toda a duración do contrato o licitador disporá da solvencia e medios do terceiro, que mostra o seu compromiso en firme a este respecto.*
- *Habilitación profesional mediante a inscrición do licitador nos rexistros de empresas prestadoras de servizos sociais de Valencia, Canarias e Aragón.*
- *Seguro de caución por un importe de 2.268.432 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.*

II.4. Así, a Mesa de Contratación na sesión do 30.10.2025 comprobou a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, tendo en conta a xurisprudencia europea (STJUE do 14 de xaneiro de 2016 -C-234/14 "Ostas celtnieks" e a STJUE do 7 de abril de 2016 – C-324/14 "Partner Alpeski Dariusz") así como, entre outras, a resolución nº 448/2024 do TCRC do 4 de abril de 2024, considerou esta correcta e acordou propoñer ó órgano de contratación a adxudicación deste procedemento a GRUPO PROBISER, S.L.U."

Comprobouse así mesmo o cumprimento dos requisitos esixidos pola lei para a integración da solvencia do licitador coa dun terceiro:

1. Que demostren que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerán efectivamente desa solvencia e medios. Este extremo consta acreditado no compromiso asinado polos representantes de ambas mercantís ante o notario D. Enrique Maria Ruiz Santaflorientina, en data 24 de outubro de 2025, e que reproduciremos máis adiante.
2. Que a entidade á que se recorra para acreditar a solvencia non estea incurso nunha prohibición de contratar. Consta no expediente a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar do terceiro inscrita no ROLECE.
3. Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao poder adxudicador que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das devanditas entidades. Deberá presentarse polo licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, previo requirimento cumprimentado de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 150. Consta no citado compromiso asinado por ambos licitadores ante notario. Neste compromiso o licitador e o terceiro manifestan que:

"1.- Que asume solidariamente en nome e representación de "URGATZI, S.L." y "GRUPO PROBISER, S.L.U." la responsabilidad en la ejecución del contrato del servicio de ayuda a domicilio de la Consejería de Política Social del Ayuntamiento de VI-

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 51 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

GO, en todo lo relativo a la integración de la solvencia económica y financiera de las mercantiles "URGATZI S.L." y "GRUPO PROBISER S.L.U."

2.- Que ambas entidades, "URGATZI S.L." y "GRUPO PROBISER S.L.U.", responderán de la ejecución del contrato conforme a lo previsto en el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares y en el Pliego de Prescripciones Técnicas por los que se rige el contrato.

3. - Que durante toda la duración de la ejecución del contrato "GRUPO PROBISER S.L.U." dispondrá efectivamente de la solvencia y medios de "URGATZI S. L. ", que muestra su compromiso en firme a este respecto".

Como se pode apreciar, ademais o terceiro asume a responsabilidade solidaria na execución do contrato, o que reforza as garantías do concello na execución deste contrato. É preciso por de manifesto que o terceiro "URGATZI S.L.", acreditou no expediente contar con toda a solvencia esixida no PCAP para este contrato. Porque, tal e como esixe a doutrina xurisprudencial e a administrativa emanada dos órganos consultivos e os tribunais administrativos de resolución de recursos, "en el caso de las empresas que participan con la integración de la solvencia por medios externos de otra empresa, no se constituyen como único licitador y, por tanto, siendo que el objeto de ésta figura es garantizar el cumplimiento del contrato en los términos establecidos en los pliegos, considera que la finalidad normativa radica en garantizar que la empresa que participa como garante de la solvencia cumpla individualmente con los mínimos exigidos en el PCAP" (Resolución nº 148/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid, de 13 de abril de 2023 – fundamento xurídico 5º -).

Con relación a falta de xustificación e acreditación do persoal que indica o licitador na súa oferta alegada polo recorrente compre dicir que olvida que o prego que rexe esta contratación non esixe medios persoais para adscribir á execución do contrato (apartado 5 F da FEC), polo que non é preciso presentar con carácter previo á adxudicación do contrato a documentación relativa ao persoal que vai contratar o adxudicatario, como si acontecería se este persoal fose considerado un medio persoal e constituise un requisito adicional de solvencia. Recordemos que o artigo 76.2 da LCSP permite aos órganos de contratación esixir aos candidatos ou licitadores, facéndoo constar nos pregos, que ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, a clasificación, comprométanse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

O recorrente remata esta alegación considerando que "GRUPO PROBISER al indicar una relación nominal de sólo 7 trabajadores estaría compitiendo en condiciones mucho más ventajosas a nivel de costes que una empresa que cuente con un mínimo suficiente de personal que garantice el correcto y efectivo desarrollo del servicio para la Administración al contar con capacidades adicionales necesarias para dar cobertura al personal subrogado. Además, es evidente que un equipo de 7 personas no es bastante para ejecutar en condiciones óptimas y de idoneidad un servicio que requiere una solvencia de 12 millones de euros. Omitir este datos y adjudicar el contrato entrañaría riesgos tanto para el Concello, que obtendría un servicio de deficiente calidad por insuficientes medios para ejecutar el servicio, como para los usuarios, y además implicaría una evidente vulneración de la libre competencia y del principio de igualdad de trato frente al resto de licitadores, ya que Grupo Probiser estaría disfrutando de una posición más ventajosa en detrimento del resto de licitadores que sí que cuentan con medios mínimos propios y suficientes para desarrollar el servicio, y no actuarían como meros gestores e intermediarios de los medios externos".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 52 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

Os licitadores teñen liberdade para configurar o servizo da forma que consideren máis eficiente sempre e cando se axusten ao disposto nos pregos rectores do contrato. Deben presentar unha oferta que cumpra rigorosamente cos requisitos e especificacións establecidos nos pregos, pero dentro dese marco, poden propoñer a mellor forma de executar o servizo que consideren segundo a súa experiencia profesional. Neste senso establece o artigo 139.1 da LCSP que *“Las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna”*.

Se o licitador no “Proxecto de organización e prestación do servizo” presentado no sobre B no apartado “A.1.1.- Organización xeral do servizo, funcionamento e metodoloxía” (apartado 7.A da FEC) considera que pode prestar o servizo con 7 persoas a maiores do persoal que subroga de entre o que actualmente presta o servizo e que teña dereito a subrogarse esta no seu dereito, sempre que cumpra co disposto acerca do persoal na cláusula 7 do prego de prescricións técnicas. E isto non supón unha vantaxa competitiva con respecto aos demais licitadores, que gozan da mesma liberdade na configuración das súas ofertas. Se este equipo é suficiente para executar o servizo o marcará o cumprimento da citada cláusula do PPT. Dado que a oferta de GRUPO PROBISER cumpre cos pregos non pode aceptarse que se estean vulnerando os principios de libre competencia e igualdade de trato.

Podemos concluir que a vista das circunstancias concorrentes o órgano de contratación considerou acreditada a solvencia mínima esixida ao licitador e optou por adxudicar o contrato a oferta máis vantaxosa en relación calidade e prezo, en aras do interese público desta administración. En consecuencia, a xuízo da que suscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación.

2.- Ampliación do prazo de subsanación contrario ao principio de igualdade de trato entre os licitadores

Manifesta o recorrente a súa disconformidade co feito de que por resolución da Concelleira delegada da área de contratación do 23 de outubro de 2025, a solicitude do licitador, conceduselle unha ampliación do prazo de tres días naturais de emenda da documentación do artigo 150.2 outorgado pola Mesa de Contratación na sesión de data 23 de outubro de 2025, en aplicación do disposto na cláusula 18.5 do PCAP.

Manifesta o recorrente no seu escrito de recurso que:

“Con arreglo a lo estipulado en la Ley 9/2017 y el Real Decreto 1098/2001, el plazo concedido para presentar o subsanar una documentación es un plazo único y preclusivo, que no debería conllevar ninguna ampliación.

De acuerdo con la doctrina consolidada del TACRC, no se admite la ampliación de este plazo de 3 días aplicando con carácter supletorio la normativa general de procedimiento administrativo (actual artículo 32 de la LPAC (Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas), por entender que la regulación específica de la LCSP y la naturaleza preclusiva del trámite lo impiden.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 53 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

La doctrina del TACRC se ha pronunciado también con relación al carácter preclusivo de los plazos y la no ampliación de los mismos”.

Tras a cita de dúas resolucións do TACRC e unha sentenza do TSJG en apoio da súa tese de non ampliación do prazo de subsanación conclúe que *“ello podría suponer una vulneración a los principios que rigen la licitación pública consistente en la igualdad de trato, libre concurrencia y transparencia. También supondría concederle un trato privilegiado y beneficioso a la licitadora propuesta como adjudicataria que ha disfrutado del doble del plazo concedido inicialmente para presentar la subsanación de la documentación requerida. Y, además, la consecuencia de que esa licitadora no haya presentado la documentación en el plazo de los 3 días naturales inicialmente concedidos habría supuesto su retirada de la oferta. Por tanto, GRUPO PROBISER ha disfrutado de un claro trato preferente en detrimento con el resto de los licitadores”.*

Se ben o certo é que a lei non recolle a posibilidade de subsanar a documentación solicitada ao primeiro clasificado en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP, neste intre é pacífica a doutrina na admisión do mesmo. Citaremos por todas a Resolución 114/2022 do OARCE, que considera que este trámite, a pesar de non figurar expresamente previsto no artigo 150.2 LCSP, deriva do efecto directo do artigo 56.3 da Directiva 2014/24/UE, sobre Contratación Pública, segundo o cal *“Cuando la información o documentación que deben presentar los operadores económicos sea o parezca ser incompleta o errónea, o cuando falten determinados documentos, los poderes adjudicadores podrán, salvo que se disponga de otro modo en la normativa nacional que dé cumplimiento a la presente Directiva, solicitar a los operadores económicos de que se trate que presenten, completen, aclaren o añadan la información o documentación pertinente dentro de un plazo adecuado, siempre que dichas solicitudes se hagan en plena conformidad con los principios de igualdad de trato y transparencia.”*

Sinala o OARCE nesta resolución que:

“El citado precepto comprende en su ámbito de aplicación cualquier información o documento que deban aportar los licitadores, sin distinguir si debe incluirse en la proposición a la que se refiere el artículo 139 de la LCSP, como parte de la documentación acreditativa del cumplimiento de los requisitos previos (artículo 140 de la LCSP), o como uno de los extremos que ha de acreditar el licitador que haya presentado la mejor oferta (artículo 150.2 de la LCSP), que es el caso analizado. .../... Una vez transcurrido el plazo de transposición de la DCP sin que el legislador haya incorporado expresamente al Ordenamiento nacional la posibilidad de subsanar la documentación del artículo 150.2 de la LCSP (o, en su caso, la imposibilidad de hacerlo, como faculta la propia DCP), este Órgano entiende que debe aplicarse al caso el artículo 56.3 de la DCP, dado que se trata de una norma precisa, clara e incondicionada que concede derechos a los licitadores frente a los poderes adjudicadores, y dotada por lo tanto de efecto directo, lo que obliga a las autoridades nacionales (como el poder adjudicador y el propio OARC / KEAO) a aplicarla, incluso desplazando, si fuera preciso, las normas de Derecho interno que se le opondan.”

No entanto, continúa xerando conflitividade a cuestión de se cabe ou non a ampliación do devandito prazo, con base no artigo 32.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común *“1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a peti-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 54 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

ción de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.” Recordemos que la Disposición Final Cuarta.1 LCSP establece que “Los procedimientos regulados en esta Ley se regirán, en primer término, por los preceptos contenidos en ella y en sus normas de desarrollo y, subsidiariamente, por los establecidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en sus normas complementarias.”

A Junta Consultiva de Aragón, no seu Informe 18/2011, considerou de aplicación supletoria a dicha fase del procedimiento el artículo 49 de la LPAC-92 -hoy artículo 32 LPAC-15- argumentando que:

“La LCSP no excluye expresamente la posibilidad de prórroga del plazo de diez días hábiles que establece el artículo 135.2 -hoy artículo 150.2-, por lo que el mismo podrá ser ampliado si el licitador lo solicita y el órgano de contratación lo valora necesario y así lo justifica en resolución motivada que deberá ser notificada a todos los licitadores”.

Na mesma liña, o TACP de Madrid, na súa Resolución 1/2014, sinala que:

“es cierto que el TRLCSP no prevé en el art. 151.2 la posibilidad de prórroga del plazo de diez días hábiles para la presentación de la documentación, pero no es menos cierto que de acuerdo con la Disposición Final Tercera del TRLCSP, los procedimientos regulados en la misma se regirán subsidiariamente por las normas de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común. Dicha Ley permite en su art. 49 la ampliación de plazos, en la mitad de su extensión siempre que con ello no se perjudique el derecho de terceros. No teniendo el segundo clasificado derecho a la adjudicación del contrato, sino una mera expectativa, cabría admitir dicha prórroga”.

Tamén o TACP de Aragón, no Acordo 43/2015 se amosa favorable a ampliación do prazo de emenda. Se ben é certo que o TACRC mantén a postura contraria, tal e como se reflicte nas resolucións citadas polo recorrente.

Ainda cando admitamos a postura contraria a ampliación do prazo de emenda, o certo é que no caso que nos ocupa o licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido inicialmente, en concreto o día 25 de outubro (o prazo remataba o día 27), agás un certificado de boa execución da empresa URDATZI, que non resulta necesario para acreditar a súa solvencia técnica por canto coa documentación presentada dentro do prazo inicial tiña acreditada dabondo a citada solvencia. Polo que, a xuízo da informante, non se vulnerou o principio de igualdade de trato aos licitadores.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 55 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-VI-**Conclusionés**

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-**Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

-VIII-**Acordo**

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

8(896).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 56 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1985/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 28/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/12/2025 09:54	Páxina 57 de 57
1985-1102 Aprobado por XGL 05/12/2025	CSV: A4A1D6-CH8226-3BA74F-NL1535-Q191H6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		